

ACTA NÚMERO: 13/2026

ACTA DA REUNIÓN DA MESA DE CONTRATACIÓN DO DÍA 1 DE ABRIL DE 2026.

Na sala de Comisións do Pazo Provincial sendo as 10 horas do día 1 de abril de 2026 reúnen os membros da Mesa de Contratación que a continuación se relacionan:

Presidenta: D María Pilar Ramallo Vázquez, Deputada do Grupo Provincial do Partido Popular.

Vogais da Mesa de Contratación:

- D. Antonio Graña Gómez, Interventor da Deputación.
- Dona María Beatriz del Cerro del Río, Vicesecretaría.
- Dona María Belén Pampín Camino, Xefa de Sección de Seguridade Viaria do Servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.
- D. José Antonio Gulías Varela, Técnico de Xestión do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.
- Dona Yolanda Lois Peón, Técnica de Xestión Documental do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

Secretario: D. Antonio Torrón Casal, Adxunto á Xefatura do Servizo de Contratación, Facenda e Patrimonio.

ORDE DO DÍA:

1. *Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 26 de marzo de 2026 (Reunión 12/2026).*
2. *Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e propostas avaliadas mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Taboada-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia - financiado pola Unión Europea - NextGenerationEU. (Expte.- 2026004814).*
3. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratégico de Transformación Dixital 26-30 para a provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025066294).*
4. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliada mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratégico de Transformación Dixital 26-30 para a provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025066294).*
5. *Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento de instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación. (Expte.- 202506999).*
6. *Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliada mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento de instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación. (Expte.- 202506999).*
7. *Solicitud da empresa Intervento 2 S.L. (NIF: B80690910), para participar no sistema dinámico de adquisición para o servizo de transporte de obras de arte. (Expte.- 2024057103).*

Non asistiron os vogais permanentes da Mesa de Contratación, Dona María Ortega Iñarrea, Deputada do grupo provincial do BNG, Don Gregorio Luís Agís Gómez, Deputado do Grupo Provincial do PSdeG-PSOE e Don Gabriel Rodríguez Alonso, Xefe do Servizo de Asistencia Intermunicipal.

Declarada aberta a reunión da Mesa de Contratación de orde da Presidenta, os asistentes manifestan que non teñen directa ou indirectamente un interese financeiro, económico ou persoal



que comprometa a súa imparcialidade e independencia sobre os asuntos que figuran na orde do día.

1. Aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 26 de marzo de 2026 (Reunión 12/2026).

Os membros que forman parte da Mesa de Contratación que estiveron presentes na reunión, votan a favor da aprobación da acta da reunión anterior correspondente ao día, 26 de marzo de 2026 (Reunión 12/2026).

2. Apertura electrónica dos sobres "únicos", correspondentes coa documentación administrativa e propostas avaliadas mediante fórmulas, do procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU. (Expte.- 2026004814).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que mediante acordo de Xunta de Goberno nº 18.36228, do día 13 de marzo de 2025, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto simplificado, da “subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 13 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto simplificado.

O Secretario suplente informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario suplente da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “Únicos”, correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación dos sobres únicos, as empresas presentadas e admitidas son as seguintes:

- BRICANTEL ESPAÑA,S.L. (NIF: B49280720)
- FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601)
- O&A SMART CITY CONSULTING, S.L. (NIF: B67707059)
- SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B36456796)



Os valores ofertados foron os seguintes:

BRICANTEL ESPAÑA, S.L. (NIF: B49280720)

1.- Prezo ofertado:

Prezo ofertado, sen IVE:	98.325,00 €
IVE (21%):	20.648,25 €
Prezo ofertado, IVE engadido:	118.973,25 €

2.- Mellora no prazo de garantía: oferta ampliación do prazo de garantía de un (1) ano, por riba dos dous 2 anos.

FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601)

1.- Prezo ofertado:

Prezo ofertado, sen IVE:	89.000,00 €
IVE (21%):	18.690,00 €
Prezo ofertado, IVE engadido:	107.690,00 €

2.- Mellora no prazo de garantía: oferta ampliación do prazo de garantía de un (1) ano, por riba dos dous 2 anos.

O&A SMART CITY CONSULTING, S.L. (NIF: B67707059)

1.- Prezo ofertado:

Prezo ofertado, sen IVE:	121.430,00 €
IVE (21%):	25.500,30 €
Prezo ofertado, IVE engadido:	146.930,30 €

2.- Mellora no prazo de garantía: oferta ampliación do prazo de garantía de un (1) ano, por riba dos dous 2 anos.

SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B36456796)

1.- Prezo ofertado:

Prezo ofertado, sen IVE:	101.090,50 €
IVE (21%):	21.229,01 €
Prezo ofertado, IVE engadido:	122.319,51 €

2.- Mellora no prazo de garantía: oferta ampliación do prazo de garantía de un (1) ano, por riba dos dous 2 anos.

Feitas as valoracións, de conformidade cos criterios establecidos nos pregos, as puntuacións obtidas na valoración dos criterios avaliados mediante fórmulas, segundo constan no informe emitido polo xefe do servizo de Contratación, con CSV: UKAO0SKME8YPGVQC, son as seguintes:

EMPRESAS LICITADORAS	Menor prezo ofertado, sen IVE (máx. 90 puntos)	Mellora no prazo de garantía (máx. 10 puntos)	PUNTUACIÓN TOTAL "SOBRE ÚNICO"
----------------------	--	---	--------------------------------



			(Máx. 100 puntos)
BRICANTEL ESPAÑA,S.L. (NIF: B49280720)	68,754	10,000	78,754
FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601)	90,000	10,000	100,000
O&A SMART CITY CONSULTING, S.L. (NIF: B67707059)	5,663	10,000	15,663
SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B36456796)	62,453	10,000	72,453

Visto o anterior, a Mesa de Contratación acorda:

- 1) Admitir ás seguintes empresas no procedemento aberto simplificado convocado para a contratación da *subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*:
 - BRICANTEL ESPAÑA,S.L. (NIF: B49280720)
 - FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601)
 - O&A SMART CITY CONSULTING, S.L. (NIF: B67707059)
 - SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B36456796)

- 2) Aprobar a clasificación das ofertas presentadas polas empresas admitidas no procedemento aberto simplificado convocado para dita contratación que queda da seguinte forma:

Clasificación	Empresas	Prezo ofertado (máx 100 puntos)	Mellora no prazo de garantía (máx. 10 puntos)	Puntuación total (máx. 100 puntos)
1ª	FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601)	90,000	10,000	100,000
2ª	BRICANTEL ESPAÑA,S.L. (NIF: B49280720)	68,754	10,000	78,754
3ª	SUMINISTRO INTEGRAL DEL AGUA, S.L. (NIF: B36456796)	62,453	10,000	72,453
4ª	O&A SMART CITY CONSULTING, S.L. (NIF: B67707059)	5,663	10,000	15,663

- 3) Propor ó órgano de contratación, unha vez efectuado e cumprimentado o requirimento de documentación establecida no artigo 150.2 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, a adxudicación do procedemento aberto simplificado convocado para a *contratación da subministración de estacións de reparación de bicicletas para as comarcas de Deza e Tabeirós-Terra de Montes, no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resilencia - financiado pola Unión Europea – NextGenerationEU*, á empresa FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601) polos prezos e valores ofertados.

A Mesa de Contratación comproba que a empresa FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601) atópase inscrita no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público (ROLECE). Dito certificado de inscrición acredita, a tenor do nel reflectido e salvo proba en contrario, as condicións de aptitude do empresario canto á súa personalidade e capacidade de obrar, representación así como a non concorrencia da prohibición de contratar.



- 4) Facultar ó Secretario da Mesa de Contratación para que requira á empresa FLOEMA SEÑALÉTICA Y EQUIPAMIENTOS, S.L. (NIF: B72833601) mediante comunicación electrónica para que no prazo de 7 días hábiles contando desde o seu envío, aporte a documentación esixida, de conformidade co artigo 159.4 da Lei 9/2017, de 8 de novembro de 2017, de Contratos do Sector Público.

De non cumprimentarse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que a empresa licitadora retira a súa oferta, e procederase nese caso a esixirlle o importe do 3% do orzamento base de licitación, IVE excluído, en concepto de penalidade.

3. Apertura electrónica dos sobres "A", correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratégico de Transformación Dixital 26-30 para a provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025066294).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que a Xunta de Goberno, na sesión do día 6 de marzo de 2026, adoptou o acordo de aprobación do expediente para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do “servizo para a elaboración do Plan Estratégico de Transformación Dixital 26-30 para a provincia de Pontevedra”.

O anuncio de licitación deste contrato publicouse no perfil do contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público, con data 12 de marzo de 2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario suplente informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera en cada procedemento de licitación un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario suplente da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á descriptación e descarga da documentación dos sobres “A” correspondente á documentación administrativa presentada polas empresas ó devandito procedemento.

Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir ás seguintes empresas:

- DELOITTE CONSULTING, S.L.U. (NIF: B81690471)
- KPMG ASESORES, S.L. (NIF: B82498650)
- NTT DATA SPAIN, S.L.U. (NIF: B82387770)

4. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avaliable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo para a elaboración do Plan Estratégico de Transformación Dixital 26-30 para a provincia de Pontevedra. (Expte.- 2025066294).



A Mesa de Contratación, no punto anterior da orde do día desta reunión do día 1 de abril de 2026 procedeu á apertura dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do “servizo para a elaboración do Plan Estratégico de Transformación Dixital 26-30 para a provincia de Pontevedra”, acordando admitir ás seguinte empresas:

- DELOITTE CONSULTING, S.L.U. (NIF: B81690471)
- KPMG ASESORES, S.L. (NIF: B82498650)
- NTT DATA SPAIN, S.L.U. (NIF: B82387770)

A continuación, o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procede á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres “B”, correspondente as ofertas técnicas que serán avaliadas mediante criterios de xuízos de valor.

Unha vez finalizado este trámite a Mesa de Contratación, acorda trasladar a documentación descargada dos “sobres B”, ao persoal técnico do Servizo de Novas Tecnoloxías para que avalíen e ponderen as propostas técnicas, seguindo os criterios de valoración establecidos nos pregos que rexen este procedemento aberto.

5. Apertura electrónica dos sobres “A”, correspondentes á documentación administrativa do procedemento aberto convocado para contratación do servizo de mantemento de instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación. (Expte.-202506999).

O Secretario da Mesa de Contratación informa que, por acordo de Xunta de Goberno, adoptado na sesión do día 20 de febreiro de 2026, aprobouse o expediente de contratación para a adxudicación, mediante procedemento aberto, do servizo de mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra.

O anuncio de licitación deste contrato enviouse ao DOUE en data 20/02/2026 e publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra, aloxado na Plataforma de Contratación do Sector Público con data 22/02/2026. Así mesmo, publicáronse na mesma data os pregos de cláusulas económico-administrativas e de prescricións técnicas deste procedemento aberto.

O Secretario informa que a presentación de ofertas realizouse a través da Plataforma de Contratación do Sector Público que xera, en cada procedemento de licitación, un certificado dixital que se utiliza para cifrar todas as ofertas presentadas polos licitadores.

O Secretario da Mesa de Contratación accede á plataforma mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e a continuación procédese á desenscriptación e descarga da documentación dos sobres correspondente á documentación administrativa e ofertas presentadas polas empresas ó devandito procedemento.



Unha vez descargada a documentación administrativa, a Mesa de Contratación acorda admitir as seguintes empresas:

- VEOLIA SERVICIOS NORTE SAU A15208408. Lotes 1, 2, 3.
- CLECE FACILITY SERVICES S.A. A87045498. Lotes 1, 2, 3.
- INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO DE TELECOMUNICACIONES S.L. B39391107. Lote 1.
- DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS S.L. B94129368. Lotes 1, 2, 3.
- INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL B70115902. Lotes 2, 3.
- INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ SLU B36400240. Lote 1
- SERVEO SERVICIOS SAU A80241789. Lotes 1, 2, 3.
- ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS SAU A79486833. Lotes 1, 2, 3.

6. Apertura electrónica dos sobres "B", correspondentes á documentación avialable mediante criterios de xuízos de valor, do procedemento aberto convocado para a contratación do servizo de mantemento de instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación. (Expte.- 202506999).

O Secretario informa no punto anterior da reunión do día do hoxe, 1 de abril de 2026, procedeuse á apertura dos sobres "A", correspondentes a documentación administrativa do procedemento aberto convocado para a contratación do "Servizo de mantemento das instalacións térmicas en diversos edificios da Deputación de Pontevedra".

As empresas presentadas e admitidas foron as seguintes nos lotes que se indican:

- VEOLIA SERVICIOS NORTE SAU A15208408. Lotes 1, 2, 3.
- CLECE FACILITY SERVICES S.A. A87045498. Lotes 1, 2, 3.
- INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO DE TELECOMUNICACIONES S.L. B39391107. Lote 1.
- DESEÑO ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS S.L. B94129368. Lotes 1, 2, 3.
- INERPROMA MEDIOAMBIENTE SL B70115902. Lotes 2, 3.
- INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LEREZ SLU B36400240. Lote 1
- SERVEO SERVICIOS SAU A80241789. Lotes 1, 2, 3.
- ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS SAU A79486833. Lotes 1, 2, 3.

A continuación o Secretario da Mesa de Contratación accede á Plataforma de Contratación do Sector Público mediante as súas claves persoais, quedando garantidas todas as súas actuacións mediante o uso de selos de validación cronolóxica (selos de tempo), e procédese á descriptación e descarga da documentación presentada nos sobres "B", correspondente aos



criterios de valoración automática presentados polas empresas que participan neste procedemento aberto.

Os valores ofertados polas empresas son os seguintes:

VEOLIA SERVICIOS NORTE SAU A15208404

1. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 1:

Importe sen o IVE: 17.598,58 €

IVE (21 %): 3.695,70 €

Importe total ofertado: 21.294,28 €

2. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 2:

Importe sen o IVE: 20.527,21 €

IVE (21 %): 4.310,71 €

Importe total ofertado: 24.837,92 €

3. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 3:

Importe sen o IVE: 20.527,21 €

IVE (21 %): 4.310,71 €

Importe total ofertado: 24.837,92 €

ELECNOR SERVICIOS Y PROYECTOS SAU A79486833

1. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 1:

Importe sen o IVE: 15.001,27 €

IVE (21 %): 3.150,27 €

Importe total ofertado: 18.151,54 €

2. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 2:

Importe sen o IVE: 23.699,04 €

IVE (21 %): 4.976,80 €

Importe total ofertado: 28.675,84 €



3. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 3:

Importe sen o IVE:	21.482,48 €
IVE (21 %):	4.511,32 €
Importe total ofertado:	25.993,80 €

DESEÑO, ENXEÑARIA E XESTIÓN DE OBRAS S.L. B94129368

1. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 1:

Importe sen o IVE:	16.978,75 €
IVE (21 %):	3.565,53 €
Importe total ofertado:	20.544,28 €

2. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 2:

Importe sen o IVE:	26.823,89 €
IVE (21 %):	5.633,02 €
Importe total ofertado:	32.456,91 €

3. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 3:

Importe sen o IVE:	27.424,19 €
IVE (21 %):	5.759,08 €
Importe total ofertado:	33.183,27 €

INVESTIGACIÓN Y DESARROLLO DEL LERES SLU B36400240

1. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 1:

Importe sen o IVE:	18.936,00€
IVE (21 %):	3.976,56 €
Importe total ofertado:	22.912,56 €

CLECE FACILITY SERVICES SA A87045498

1. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 1:

Importe sen o IVE:	17.784,36 €
IVE (21 %):	3.734,72 €



Importe total ofertado: 21.519,08 €

2. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 2:

Importe sen o IVE: 22.571,40 €

IVE (21 %): 4.739,99 €

Importe total ofertado: 27.311,39 €

3. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 3:

Importe sen o IVE: 19.442,64 €

IVE (21 %): 4.082,95 €

Importe total ofertado: 23.525,59 €

SERVEO SERVICIOS SAU A80241789

1. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 1:

Importe sen o IVE: 19.355,78 €

IVE (21 %): 4.064,71 €

Importe total ofertado: 23.420,49 €

2. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 2:

Importe sen o IVE: 29.884,97 €

IVE (21 %): 6.275,84 €

Importe total ofertado: 36.160,81 €

3. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 3:

Importe sen o IVE: 27.908,15 €

IVE (21 %): 5.860,71 €

Importe total ofertado: 33.768,86 €

INSTALACIONES Y MANTENIMIENTO DE TELECOMUNICACIONES S.L. B39391107

1. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 1:

Importe sen o IVE: 29.292,85 €

IVE (21 %): 6.151,50 €



Importe total ofertado: 35.444,35 €

INERPROMA MEDIOAMBIENTE S.L. B70115902

1. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 2:

Importe sen o IVE: 23.774,65 €

IVE (21 %): 4.992,68 €

Importe total ofertado: 28.767,33 €

2. Prezo ofertado servicio de mantemento lote nº 3:

Importe sen o IVE: 28.365,29 €

IVE (21 %): 5.956,71 €

Importe total ofertado: 34.322,00 €

A Mesa de Contratación acorda facultar ao Secretario para que, de resultar a oferta incurso en presunción de desproporcionalidade no momento de efectuar as valoracións por aplicación da fórmula prevista no PCAP, realice o requirimento de xustificación segundo o artigo 149.4 da LCSP, resolvendo a propia Mesa á vista do cálculo das desproporcionalidades, das explicacións que poidan presentarse e dos informes técnicos que se consideren necesarios solicitar.

7. *Solicitud da empresa Intervento 2 S.L. (NIF: B80690910), para participar no sistema dinámico de adquisición para o servizo de transporte de obras de arte. (Expte.-2024057103).*

O Secretario da Mesa de Contratación informa que Xunta de Goberno da Deputación de Pontevedra, na súa sesión ordinaria do día 5 de decembro de 2024, aprobou o expediente para establecer un Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación do “*Servizo de transporte de obras de arte para o Museo de Pontevedra*”.

O anuncio de licitación deste sistema enviouse ó Diario Oficial da Unión Europea con data 10 de decembro de 2024, aparecendo publicado o día 11 de decembro de 2024 (Número de publicación do anuncio 755260-2024; número da edición do DO S: 241/2024); así mesmo publicouse no Perfil do Contratante da Deputación de Pontevedra (Plataforma de Contratación do Sector Público) con data 11 de decembro de 2024, xunto cos pregos de cláusulas económico administrativas particulares, concedendo un prazo de 30 días naturais desde o envío á Oficina de publicacións da Unión Europea para a presentación inicial de solicitudes de adhesión, a través da Plataforma de Contratación do Sector Público.



Conforme ó prego, unha vez finalizado este prazo, comezará o de avaliación das candidaturas, no que a Mesa de Contratación seleccionará os licitadores en base ao cumprimento dos criterios establecidos nos pregos, sendo admitidos todos os solicitantes que cumpran cos criterios de capacidade e solvencia esixidos no prego.

Finalizada a avaliación confeccionarase a lista inicial de licitadores admitidos, aos que o órgano de contratación convidará a presentar oferta para a primeira contratación específica cando xurda a necesidade.

Ao tratarse dun SDA no que as novas empresas poderán solicitar a súa inclusión no mesmo, así como darse de baixa, cando o teñan por convinte, as novas incorporación no sistema avaliaranse na primeira mesa de contratación que se celebre no mes seguinte á presentación da solicitude de participación.

Solicitada pola empresa Intervento 2 S.L. (NIF: B80690910) a súa inclusión no sistema dinámico, a Mesa procede á cualificación e avaliación da documentación presentada no sobre electrónico de solicitude de adhesión, co seguinte resultado:

INTERVENTO 2 S.L. (NIF: B80690910)	
Data presentación: 11-03-2026 11:42	
DOCUMENTACIÓN SOLICITADA	DOCUMENTACIÓN PRESENTADA
ROLECE/RCGA	SI (ROLECE)
Solicitude de adhesión Anexo I.	√
	Categoría IV
Declaración responsable	√
Capacidade para contratar	√
Solvencia económica:	
Categoría I: 350.000,00 €	
Categoría II: 150.000,00 €	
Categoría III: 112.000,00 €	
Categoría IV: 60.000,00 €	√
Solvencia técnica	
Categoría I: 350.000,00 €	
Categoría II: 150.000,00 €	
Categoría III: 112.000,00 €	



Categoría IV: 60.000,00 €	√
Certificación positiva expedida pola Tesourería da Seguridade Social	√
Certificación positiva expedida pola Axencia Estatal da Administración Tributaria	√
Orixinal ou copia compulsada da alta no Imposto de actividades económicas	√

A Mesa de Contratación acorda:

- 1) Seleccionar á empresa Intervento 2 S.L. (NIF: B80690910), por ter acreditado que cumpre cos criterios de selección establecidos no prego, e propoñerlle ao órgano de contratación a admisión da mesma na categoría IV do Sistema Dinámico de Adquisición para a contratación do “Servizo de transporte de obras de arte para o Museo de Pontevedra”.
- 2) Que, no caso de que a Xunta de Goberno acepte a proposta que figura no apartado anterior, a lista de licitadores admitidos neste sistema dinámico quedará integrada polas seguintes empresas:

Categoría I: Embalaxe/Desembalaxe + Transporte (concentración e dispersión) + Transporte aéreo (concentración e dispersión) + Correos +Montaxe

1. Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
2. Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)

Categoría II: Embalaxe/Desembalaxe + Transporte (concentración e dispersión) + Correos

1. Cloister Services 2000, S.L. (NIF: B71092340)
2. Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
3. Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)

Categoría III: Embalaxe/ Desembalaxe + Transporte Combinado + Correos

1. Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
2. Feltrero División Arte S.L. (NIF: B37407004)
3. Queroche S.L. (NIF: B50227123)



Categoría IV: Montaxe

1. Cloister Services 2000, S.L. (NIF: B71092340)
2. Daexga Servicios Integrales de Galicia S.L (NIF: B70040597)
3. Diseño y Construcción Técnica de Exposiciones SLU (NIF: B37434354)
4. Feltreiro División Arte S.L. (NIF: B37407004)
5. Intervento 2 S.L. (NIF: B80690910)

Non producíndose ningunha incidencia digna de apuntar, dáse por terminado o acto as dez horas e quince minutos, e esténdese a presente Acta, que asinan comigo, o Secretario, a Presidenta da Mesa de Contratación.

